

Dossier curso auga doce

Estruturação do curso

Duración do curso: **20 horas repartidas en 10 sesións máis unha saída de campo**

Bloques de contidos: **5**

Este curso, vertebrado arredor do motivo da auga doce, procura afondar no coñecemento do léxico, toponimia, historia e costumes aplicado ao concello de Vigo e lugares vinculados a el. A través de recursos de diferente tipo (literario, musical, documental, etc.) e actividades que acompañan cada bloque temático aproximámonos ao mellor coñecemento da nosa lingua e do noso lugar.

- Esquema de contidos por días

Primeira sesión (14 de outubro): presentación e comezo co bloque I (*Auga e relevo*). Léxico sobre as correntes de auga, expresións e topónimos de Vigo. Actividades, recurso da canle de YouTube "Toponimia de Vigo" e presentación dunha lista con músicas en galego relacionadas coa auga.

Segunda sesión (19 de outubro): continuación co bloque I. Léxico e topónimos relacionados co relevo. Actividades e traballo co visor Galicia Nomeada (exploración e xogo).

Terceira sesión (21 de outubro): comezo co bloque II (*Auga e vida vexetal e animal*). Léxico, toponimia e ditos relacionados co mundo vexetal e o tempo atmosférico. Actividades e proxecto sobre as herbas de San Xoán.

Cuarta sesión (26 de outubro): continuación co bloque II. Léxico, toponimia e ditos relacionados co mundo animal. Actividades e traballo coa *Guía das aves de Galicia* e a *Guía dos anfibios e réptiles de Galicia*.

Quinta sesión (28 de outubro): comezo co bloque III (*Auga e aproveitamento tradicional*). Léxico sobre labores no campo (fontes, rega, ferramentas, medidas, etc.), expresións e topónimos. Actividades.

Sexta sesión (2 de novembro): continuación co bloque III. Léxico relacionado cos muíños e outras construcións, pasos e pontes e divisións do territorio. Actividades e proxecto sobre os muíños.

Sétima sesión (4 de novembro): comezo co bloque IV (*Auga e fogar*). Léxico relacionado coa casa (utensilios, estancias, alimentos, etc.) e tipos de pozos. Actividades.

Oitava sesión (8 de novembro): continuación co bloque IV. Léxico sobre oficios relacionados coa auga, accesos á casa e toponimia relacionada con construcións ou tipos de poboación. Actividades.

Novena sesión (9 de novembro): comezo co bloque V (*Auga e saúde e lecer*). Historia e lendas sobre as propiedades da auga, léxico sobre o corpo humano e a hixiene persoal. Actividades.

Décima sesión (11 de novembro): continuación co bloque V. Léxico sobre deportes acuáticos e léxico sobre pesca. Actividades e traballo coa *Guía dos peixes de Galicia*.